



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña


info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/03/2021 19:29:04

SAIDA 5087/21



Reclamante:
Expediente. Nº **RSCTG 18/2021**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 23 de febreiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de marzo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de febreiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Reclamación contra a Resolución do 9 de febreiro de 2021, do Concello de Redondela pola que se lle da acceso a parte do contido do expediente e 792/2021.

O reclamante indicaba que solicitou acceso presencial ou telemático aos expedientes completos de Aucosa: 1701/17 de autorización de verquido; analíticas de verquido; 3429/2020 construción de fabrica de coproductos de atún. Indica que con data do 10 de febreiro de 2021, por vía telemática recibiu un arquivo que contén parte do expediente 792/2021, sen que no mesmo conste a solicitude de AUCOSA para obter o permiso de vertedura á rede de saneamento municipal, o proxecto técnico, a memoria técnica descritiva do proceso de produción, e memoria técnica da estación depuradora da factoría, os planos de detalle das instalacións e localización da arqueta de vertedura.

Non se lle deu acceso ao expediente de obra maior 3429/2020 para a construción dunha fábrica de transformación de coproductos de atún presentado por Aucosa.

O escrito viña acompañado de copia do seu DNI.

Segundo. Con data do 4 de marzo de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Concello de Redondela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 10 de marzo de 2021 o Concello de Redondela contesta a petición remitindo copia do expediente 729/2021.

Con data do 12 de marzo de 2021, o Concello remite informe sobre o acceso ao expediente 3429/2020 de construción de fábrica de coprodutos de atún, do que remite link para a descarga do expediente e informe sobre o acceso aos expedientes 1701/2017 e 729/2021.

No referente ao expediente 3429/20, relativo á tramitación da licenza de obra con comunicación previa de actividade solicitada pola mercantil Auxiliar Conservera, S.A. (AUCOSA), para ampliación de complexo industrial para nova planta para a actividade de transformación de coproduto de atún, infórmase que a solicitude [REDACTED] se presentou con data do 16 de novembro de 2020 para acceso presencial e telemático, e mediante escrito asinado pola alcaldesa mesma data do rexistro de entrada púxoselle a súa disposición o expediente, tanto a través da sede electrónica como presencial.

Posteriormente o [REDACTED] volveu a solicitar o acceso ao expediente con data do 07 de decembro de 2020, data na que o expediente estaba aberto para a súa visibilidade, púideno acceder, ben a través da sede electrónica, ou ben presencial.

Auxiliar Conservera, S.A. (AUCOSA) presentou escrito con data do 17 de decembro de 2020, solicitando a denegación de acceso ao expediente polo interesado. Por Resolución da alcaldía do 18 de decembro de 2020, se rexeita a solicitude formulada pola mercantil, recollendo nas consideración legais do informe, o dereito o acceso a información do [REDACTED] poñéndose a súa disposición a través do medio de notificación elixido, electrónico, a cal logo de transcorrer o prazo, xerouse no expediente electrónico un documento de xustificante de rexeitamento na sede electrónica polo devandito suxeito.

Posteriormente, ante a solicitude pola mercantil de desistencia da tramitación do expediente, ditouse Resolución da Alcaldía do 25 de xaneiro de 2021, aceptando a desistencia e arquivando as actuacións obrantes no expediente, do cal informouse ao [REDACTED]

Logo do arquivo do expediente, procedeuse a retirar a visibilidade dos documentos obrantes no expediente aos terceiros obrantes no expediente, á mercantil Auxiliar Conservera, S.A. e a [REDACTED]

Ante o último escrito do 10/02/2021 presentado polo ██████████ a poucos días de retirarse a visibilidade, no que entre outros expedientes, solicitou acceder a este expediente, contestouse que o mesmo estaba arquivado.

Pode constatarase polos documentos obrantes no expediente, que dende a solicitude formulada polo ██████████ o 16 de novembro de 2020, data na que se lle deu acceso ao expediente e manténdose a súa visibilidade telemática ata pouco despois do seu arquivo, as distintas resolucións que se ditaron no expediente lle foron trasladadas, sen que conste a súa comparecencia presencial nas oficinas do departamento de urbanismo para o exame do expediente, como así tiña solicitado.

En relación coa reclamación formulada sobre o acceso dos expedientes 1701/2017 e 729/2021 informa que expediente 1701/2017 corresponde ao rexistro municipal de permisos de vertido á rede pública de saneamento de acordo co disposto no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia. O expediente 792/2021 creouse expresamente para dar acceso á persoa solicitante da documentación íntegra relativa ao permiso de vertido de Auxiliar Conservera e o acceso á documentación pola persoa solicitante verificouse con data 10.02.2021

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 11 de Febreiro de 2021 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 23 de Febreiro de 2021, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou ao Concello de Redondela o acceso aos expedientes 1701/17 de autorización de verquido; analíticas de verquido e 3429/2020 construción de fabrica de coproductos de atún. Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Concello a aportación do seu criterio mediante a remisión de informe que non se recibiu, xa que o Concello remite unicamente copia do expediente de solicitude de acceso á información do 1701/17, sen que se faga referencia algunha ao expediente 3429/2020.

Do expediente 1701/17, o interesado afirma que se lle remitiu unicamente unha parte do mesmo. Do expediente 1701/17, pode deducirse que o mesmo, ao tratarse dun expediente de autorización de verquido por unha fábrica, o seu contido ou a meirande parte do mesmo, é información ambiental, polo que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, debe tramitarse pola súa normativa específica que é a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso da información ambiental, que se atopa regulada na citada Lei 27/2006.

O artigo 2.3 desta Lei considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc. que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

Certamente, o concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006, e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentencias Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que o concepto de información medioambiental abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de medidas administrativas, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

De acordo co anterior, non cabe senón concluír que o expediente 1701/17, referente á autorización de vertedura á rede de saneamento municipal de augas residuais derivadas da actividade dunha empresa, refírese a materias que sen dúbida deben ser incluídas dentro do concepto de información ambiental do artigo 2 da citada Lei 27/2006, polo que debe ser tramitada de acordo co procedemento establecido na mesma, incluíndo os procedementos de recurso, carecendo por tanto esta Comisión de competencia para resolver sobre esta materia, polo carácter ambiental da información que se solicita.

Respecto do acceso ao expediente 3429/2020, expediente de licenza que ten por obxecto de construción relativo á tramitación da licenza de obra con comunicación previa de actividade solicitada pola mercantil Auxiliar Conservera, S.A. (AUCOSA), para ampliación de complexo industrial para nova planta para a actividade de transformación de coproduto de atún, o Concello informa que o ██████████ solicitou o seu acceso presencial e telemático, con data do 18 de decembro de 2020, púxoselle a súa disposición o expediente, tanto a través da sede electrónica como presencial. O Interesado non accedeu telematicamente ao expediente, polo que logo de transcourir o prazo, xerouse no expediente electrónico un documento de xustificante de rexeitamento na sede electrónica polo devandito suxeito, e sen que conste

que comparecese nas oficinas do departamento de urbanismo para o exame do expediente, como así tiña solicitado.

Así mesmo, o Concello informa que con data do 25 de xaneiro de 2021, ditouse resolución da alcaldía pola que se acepta a desistencia de Auxiliar Conservera, S.A. (AUCOSA) do expediente 3429/2020, polo que se procede ao seu arquivo, do que se informe ao [REDACTED]

De acordo co anterior, conséntase que o Concello deu acceso ao interesado ao expediente 3429/2020, sen que este accedese por vía telemática, nin presencial, como tiña solicitado, polo que procede a desestimación da reclamación contra a solicitude de acceso ao mesmo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 23 de febreiro de 2021, contra a Resolución do 9 de febreiro de 2021, do Concello de Redondela pola que se lle da acceso a parte do contido do expediente e 792/2021, por tratarse de información de contido ambiental que debe tramitarse de acordo coa súa normativa específica e desestimála en canto ao acceso ao expediente 3429/2020.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.03.30 11:27:57 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.